

ORDENANZA FISCAL Nº 2.7, REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MATRIMONIOS CIVÍS

Artigo 1.-Fundamento e obxecto

De conformidade co previsto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que apróbase o texto Refundido da lei das facendas locais, este Concello establece a seguinte taxa pola prestación do servizo de celebración de matrimonios civís, que se rexerá, no seu caso, pola presente Ordenanza e pola Ordenanza Xeral de Gestión, Recaudación e Inspección dos tributos e demais ingresos de dereito público, e demás normativa de aplicación.

Artigo 2.-Feito imponible

1. Constitue o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenrolada como consecuencia da prestación do servizo de celebración de matrimonios civís a instancia da parte interesada.
2. Non se inclúe nesta taxa nin a tramitación do expediente gubernativo previo ó matrimonio civil nin a expedición posterior do libro de familia.

Artigo 3.-Suxeitos pasivos

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza os beneficiarios do servizo, entendéndose por tales os contraentes, que quedan obrigados solidariamente.

Artigo 4.-Cota tributaria

A cota pola prestación do servizo sinalada no artigo 2 da presente ordenanza ascende a 150,00 euros.

Artigo 5.-Devengo e Obrigación de pagamento

1. A obrigación de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace no momento no que se inicia a prestación do servizo, entendéndose por tal a presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.
2. Os solicitantes do servizo están obrigados a presentar e ingresar a pertinente autoliquidación resultante na Tesorería Municipal ou nas entidades bancarias

debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar tamén no momento de presentala correspondente solicitude.

3. Únicamente no suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude, e antes da comunicación da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase á devolución do 75 por 100 do importe sinalado no artigo 4 nesta ordenanza.

Disposición derogatoria

A partir da aplicación da presente Ordenanza Fiscal, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango opóñanse ao disposto nesta, e en particular a Ordenanza anterior publicada definitivamente no BOP 133 de 12 de xuño de 2004

Disposición final

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.